

Anexo III

MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025530	IES Pobra do Caramiñal	A Pobra do Caramiñal	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CS19003	Dietética	Superior	Proba Libre

Módulo profesional

Código MP	Nome	Horas
CS0453	Educación Sanitaria e Promoción da Saúde	130

Profesorado responsable

Olalla Mata Caamaño

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA 1. Explicar as medidas de frecuencia de enfermidade que se utilizan para avaliar o nivel de saúde dunha poboación.
RA 2. Identificar as características persoais, sociais, culturais e sanitarias que poidan influír no nivel de saúde dos grupos de risco, para poder establecer plans de actuación contextualizados como medidas de prevención destinadas a eles.
RA 3. Aplicar a teoría da causalidade ás enfermidades para explicar o modo en que inflúen sobre a saúde das persoas ou dos colectivos, os factores de risco xerais e/ou específicos.
RA 4. Planificar os estudos epidemiolóxicos descritivos e experimentais que sirvan para determinar hábitos dietéticos e a súa relación coa saúde das persoas.
RA 5. Enumerar os criterios de selección dunha mostra de poboación para a realización de estudos epidemiolóxicos.
RA 6. Explicar os métodos de elaboración de instrumentos de recolleita de información e precisar os criterios que marcan a súa especificidade.
RA 7. Analizar as variables psicolóxicas que definen os grupos de risco, identificando e explicando os condicionantes que hai que traballar no desenvolvemento de programas de promoción da saúde.
RA 8. Aplicar diferentes técnicas de apoio psicolóxico para satisfacer as necesidades do paciente e potenciar o seguimento da dieta.
RA 9. Explicar as teorías existentes sobre a comunicación e os elementos que a constitúen e describir os métodos de transmisión de información de uso común en actividades de información/formación sanitaria.
RA 10. Especificar a aplicación de medios audiovisuais describindo os criterios de selección e súa aplicabilidade didáctica.
RA 11. Explicar os elementos que forman parte dunha reunión de traballo, identificando as técnicas que potencian ou regulan o seu desenvolvemento.
RA 12. Explicar a relación existente entre o contido e o grao de utilización de técnicas de motivación como elemento de reforzo en programas educativos sanitarios.
RA 13. Identificar as técnicas de dinámica de grupo aplicables á educación para a saúde, relacionando cada unha delas coa súa indicación específica.
RA 14. Explicar os diferentes tipos de obxectivos para concretar programas que modifiquen hábitos non saudables nas persoas e/ou colectivos.
RA 15. Aplicar métodos e medidas específicas en educación para a saúde, elaborando, desenvolvendo e utilizando diferentes programas, tendo en conta as características e necesidades da poboación de Galicia.
RA 16. Elaborar accións educativas sobre diferentes situacións sanitarias, determinando o seu cronograma de aplicación en función do colectivo definido, estratexia e tempo de execución.



RA 17. Explicar os métodos de avaliación aplicables a estratexias de promoción da saúde, determinando os momentos idóneos para a súa realización.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Crterios de avaliación do currículo
CA 1.1 Explicáronse as medidas de frecuencia de enfermidade que se utilizan para avaliar o nivel de saúde dunha poboación.
CA 1.2 Identificáronse as características persoais, sociais, culturais e sanitarias que poidan influír no nivel de saúde dos grupos de risco, para poder establecer plans de actuación contextualizados como medidas de prevención destinadas a eles.
CA 1.3 Aplicouse a teoría da causalidade ás enfermidades para explicar o modo en que inflúen sobre a saúde das persoas ou dos colectivos, os factores de risco xerais e/ou específicos.
CA 1.4 Planificáronse os estudos epidemiolóxicos descriptivos e experimentais que sirvan para determinar hábitos dietéticos e a súa relación coa saúde das persoas.
CA 1.5 Enumeráronse os criterios de selección dunha mostra de poboación para a realización de estudos epidemiolóxicos.
CA 1.6 Explicáronse os métodos de elaboración de instrumentos de recolleita de información e precisar os criterios que marcan a súa especificidade.
CA 1.7 Analizáronse as variables psicolóxicas que definen os grupos de risco, identificando e explicando os condicionantes que hai que traballar no desenvolvemento de programas de promoción da saúde.
CA 1.8 Aplicáronse diferentes técnicas de apoio psicolóxico para satisfacer as necesidades do paciente e potenciar o seguimento da dieta.
CA 1.9 Explicáronse as teorías existentes sobre a comunicación e os elementos que a constitúen e describir os métodos de transmisión de información de uso común en actividades de información/formación sanitaria.
CA 1.10 Especificouse a aplicación de medios audiovisuais describindo os criterios de selección e súa aplicabilidade didáctica.
CA 1.11 Explicáronse os elementos que forman parte dunha reunión de traballo, identificando as técnicas que potencian ou regulan o seu desenvolvemento.
CA 1.12 Explicouse a relación existente entre o contido e o grao de utilización de técnicas de motivación como elemento de reforzo en programas educativos sanitarios.
CA 1.13 Identificáronse as técnicas de dinámica de grupo aplicables á educación para a saúde, relacionando cada unha delas coa súa indicación específica.
CA 1.14 Explicáronse os diferentes tipos de obxectivos para concretar programas que modifiquen hábitos non saudables nas persoas e/ou colectivos.
CA 1.15 Aplicáronse métodos e medidas específicas en educación para a saúde, elaborando, desenvolvendo e utilizando diferentes programas, tendo en conta as características e necesidades da poboación de Galicia.
CA 1.16 Elaboráronse accións educativas sobre diferentes situacións sanitarias, determinando o seu cronograma de aplicación en función do colectivo definido, estratexia e tempo de execución.
CA 1.17 Explicáronse os métodos de avaliación aplicables a estratexias de promoción da saúde, determinando os momentos idóneos para a súa realización.
CA 1.18 Programáronse e desenvolvéronse actividades de promoción da saúde, elaborando os materiais necesarios para cubrir os obxectivos previstos nas campañas ou programas sanitarios. Avaliouse a cobertura e efectividade destes materiais en relación coas metas propostas.
CA 1.19 Participouse no deseño e aplicación de programas e estratexias de promoción da saúde, co fin de promover actitudes e hábitos preventivos e hixiénico-sanitarios na poboación, así como empoderar á comunidade en materia de saúde. Avaliouse o impacto destas iniciativas na mellora das condicións de saúde e no cambio de comportamentos na poboación.
CA 1.20 Contribuíuse ao desenvolvemento de novas técnicas e á participación en proxectos de investigación e programas de formación continuada. Propuxéronse hábitos preventivos e de medidas de eficiencia e seguridade no traballo, avaliando a súa aplicabilidade e efectividade.
CA 1.21 Valorouse a interrelación das persoas e os seus estados de saúde/enfermidade, especificando e avaliando os aspectos asistenciais, preventivos e rehabilitadores implicados, axudando a identificar as necesidades e oportunidades de mellora nas estratexias de atención.
CA 1.22 Describíronse os indicadores xerais que miden o nivel de saúde, analizando a información que proporcionan para comprender mellor as tendencias de saúde e os resultados das intervencións sanitarias.
CA 1.23 Identificáronse os factores de risco e as características sociosanitarias dos grupos de risco. Avaliouse a relación destes factores coas condicións de saúde das poboacións afectadas, proporcionando unha base para intervencións máis dirixidas.
CA 1.24 Avaliáronse a eficacia dos programas de educación para a saúde, examinando os resultados obtidos e o grao en que os obxectivos educativos foron alcanzados.
CA 1.25 Avaliouse a causalidade epidemiolóxica para entender as relacións entre factores de risco e estados de saúde, o que permitiu unha mellor planificación das respostas sanitarias.
CA 1.26 Analizáronse os determinantes da saúde, incluíndo factores que propician as desigualdades en saúde, a relación entre a saúde e o nivel socioeconómico, e a importancia da familia na saúde, o que permite informar sobre estratexias de intervención e políticas públicas.
CA 1.27 Identificáronse as técnicas de educación para a saúde máis adecuadas, os recursos e medios didácticos e os instrumentos de recollida de información en función das características do paciente ou colectivo. Avaliouse a eficacia destas técnicas e recursos na mellora dos coñecementos e comportamentos de saúde.
CA 1.28 Elaboráronse e interpretáronse táboas e gráficos estadísticos, calculáronse e interpretáronse medidas de frecuencia para variables cualitativas e cuantitativas. Ademais, clasificouse, analizouse e sintetizouse a información para proporcionar unha visión clara dos resultados das intervencións e estudos de saúde.



2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA 1. Explicar as medidas de frecuencia de enfermidade que se utilizan para avaliar o nivel de saúde dunha poboación.
RA 2. Identificar as características persoais, sociais, culturais e sanitarias que poidan influír no nivel de saúde dos grupos de risco, para poder establecer plans de actuación contextualizados como medidas de prevención destinadas a eles.
RA 3. Aplicar a teoría da causalidade ás enfermidades para explicar o modo en que influen sobre a saúde das persoas ou dos colectivos, os factores de risco xerais e/ou específicos.
RA 4. Planificar os estudos epidemiolóxicos descritivos e experimentais que sirvan para determinar hábitos dietéticos e a súa relación coa saúde das persoas.
RA 5. Enumerar os criterios de selección dunha mostra de poboación para a realización de estudos epidemiolóxicos.
RA 6. Explicar os métodos de elaboración de instrumentos de recolleita de información e precisar os criterios que marcan a súa especificidade.
RA 7. Analizar as variables psicolóxicas que definen os grupos de risco, identificando e explicando os condicionantes que hai que traballar no desenvolvemento de programas de promoción da saúde.
RA 8. Aplicar diferentes técnicas de apoio psicolóxico para satisfacer as necesidades do paciente e potenciar o seguimento da dieta.
RA 9. Explicar as teorías existentes sobre a comunicación e os elementos que a constitúen e describir os métodos de transmisión de información de uso común en actividades de información/formación sanitaria.
RA 10. Especificar a aplicación de medios audiovisuais describindo os criterios de selección e súa aplicabilidade didáctica.
RA 11. Explicar os elementos que forman parte dunha reunión de traballo, identificando as técnicas que potencian ou regulan o seu desenvolvemento.
RA 12. Explicar a relación existente entre o contido e o grao de utilización de técnicas de motivación como elemento de reforzo en programas educativos sanitarios.
RA 13. Identificar as técnicas de dinámica de grupo aplicables á educación para a saúde, relacionando cada unha delas coa súa indicación específica.
RA 14. Explicar os diferentes tipos de obxectivos para concretar programas que modifiquen hábitos non saudables nas persoas e/ou colectivos.
RA 15. Aplicar métodos e medidas específicas en educación para a saúde, elaborando, desenvolvendo e utilizando diferentes programas, tendo en conta as características e necesidades da poboación de Galicia.
RA 16. Elaborar accións educativas sobre diferentes situacións sanitarias, determinando o seu cronograma de aplicación en función do colectivo definido, estratexia e tempo de execución.
RA 17. Explicar os métodos de avaliación aplicables a estratexias de promoción da saúde, determinando os momentos idóneos para a súa realización.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA 1.1 Explicáronse as medidas de frecuencia de enfermidade que se utilizan para avaliar o nivel de saúde dunha poboación.
CA 1.2 Identificáronse as características persoais, sociais, culturais e sanitarias que poidan influír no nivel de saúde dos grupos de risco, para poder establecer plans de actuación contextualizados como medidas de prevención destinadas a eles.
CA 1.3 Aplicouse a teoría da causalidade ás enfermidades para explicar o modo en que influen sobre a saúde das persoas ou dos colectivos, os factores de risco xerais e/ou específicos.
CA 1.4 Planificáronse os estudos epidemiolóxicos descritivos e experimentais que sirvan para determinar hábitos dietéticos e a súa relación coa saúde das persoas.
CA 1.5 Enumeráronse os criterios de selección dunha mostra de poboación para a realización de estudos epidemiolóxicos.
CA 1.6 Explicáronse os métodos de elaboración de instrumentos de recolleita de información e precisar os criterios que marcan a súa especificidade.
CA 1.7 Analizáronse as variables psicolóxicas que definen os grupos de risco, identificando e explicando os condicionantes que hai que traballar no desenvolvemento de programas de promoción da saúde.
CA 1.8 Aplicáronse diferentes técnicas de apoio psicolóxico para satisfacer as necesidades do paciente e potenciar o seguimento da dieta.
CA 1.9 Explicáronse as teorías existentes sobre a comunicación e os elementos que a constitúen e describir os métodos de transmisión de información de uso común en actividades de información/formación sanitaria.
CA 1.10 Especificouse a aplicación de medios audiovisuais describindo os criterios de selección e súa aplicabilidade didáctica.
CA 1.11 Explicáronse os elementos que forman parte dunha reunión de traballo, identificando as técnicas que potencian ou regulan o seu desenvolvemento.
CA 1.12 Explicouse a relación existente entre o contido e o grao de utilización de técnicas de motivación como elemento de reforzo en programas educativos sanitarios.



CA 1.13 Identificáronse as técnicas de dinámica de grupo aplicables á educación para a saúde, relacionando cada unha delas coa súa indicación específica.
CA 1.14 Explicáronse os diferentes tipos de obxectivos para concretar programas que modifiquen hábitos non saudables nas persoas e/ou colectivos.
CA 1.15 Aplicáronse métodos e medidas específicas en educación para a saúde, elaborando, desenvolvendo e utilizando diferentes programas, tendo en conta as características e necesidades da poboación de Galicia.
CA 1.16 Elaboráronse accións educativas sobre diferentes situacións sanitarias, determinando o seu cronograma de aplicación en función do colectivo definido, estratexia e tempo de execución.
CA 1.17 Explicáronse os métodos de avaliación aplicables a estratexias de promoción da saúde, determinando os momentos idóneos para a súa realización.
CA 1.18 Programáronse e desenvolvéronse actividades de promoción da saúde, elaborando os materiais necesarios para cubrir os obxectivos previstos nas campañas ou programas sanitarios. Avaliouse a cobertura e efectividade destes materiais en relación coas metas propostas.
CA 1.19 Participouse no deseño e aplicación de programas e estratexias de promoción da saúde, co fin de promover actitudes e hábitos preventivos e hixiénico-sanitarios na poboación, así como empoderar á comunidade en materia de saúde. Avaliouse o impacto destas iniciativas na mellora das condicións de saúde e no cambio de comportamentos na poboación.
CA 1.20 Contribuíuse ao desenvolvemento de novas técnicas e á participación en proxectos de investigación e programas de formación continuada. Propuxéronse hábitos preventivos e de medidas de eficiencia e seguridade no traballo, avaliando a súa aplicabilidade e efectividade.
CA 1.21 Valorouse a interrelación das persoas e os seus estados de saúde/enfermidade, especificando e avaliando os aspectos asistenciais, preventivos e rehabilitadores implicados, axudando a identificar as necesidades e oportunidades de mellora nas estratexias de atención.
CA 1.22 Descríronse os indicadores xerais que miden o nivel de saúde, analizando a información que proporcionan para comprender mellor as tendencias de saúde e os resultados das intervencións sanitarias.
CA 1.23 Identificáronse os factores de risco e as características sociosanitarias dos grupos de risco. Avaliouse a relación destes factores coas condicións de saúde das poboacións afectadas, proporcionando unha base para intervencións máis dirixidas.
CA 1.24 Avaliáronse a eficacia dos programas de educación para a saúde, examinando os resultados obtidos e o grao en que os obxectivos educativos foron alcanzados.
CA 1.25 Avaliouse a causalidade epidemiolóxica para entender as relacións entre factores de risco e estados de saúde, o que permitiu unha mellor planificación das respostas sanitarias.
CA 1.26 Analizáronse os determinantes da saúde, incluíndo factores que propician as desigualdades en saúde, a relación entre a saúde e o nivel socioeconómico, e a importancia da familia na saúde, o que permite informar sobre estratexias de intervención e políticas públicas.
CA 1.27 Identificáronse as técnicas de educación para a saúde máis adecuadas, os recursos e medios didácticos e os instrumentos de recollida de información en función das características do paciente ou colectivo. Avaliouse a eficacia destas técnicas e recursos na mellora dos coñecementos e comportamentos de saúde.
CA 1.28 Elaboráronse e interpretáronse táboas e gráficos estadísticos, calculáronse e interpretáronse medidas de frecuencia para variables cualitativas e cuantitativas. Ademais, clasificouse, analizouse e sintetizouse a información para proporcionar unha visión clara dos resultados das intervencións e estudos de saúde.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES:

Considéranse como mínimos exixibles todos os criterios teóricos e prácticos indicados na presente programación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A valoración da adquisición dos resultados de aprendizaxe do módulo profesional levarase a cabo a través da realización das dúas partes da proba, por parte da persoa aspirante, ante o profesor ou profesora do módulo.

a) Primeira parte da proba. Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

O profesor ou profesora do módulo profesional cualificará esta primeira parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. Finalizada esta primeira parte da proba, as comisións de avaliación exporán a puntuación obtida polas persoas aspirantes no taboleiro de anuncios do IES da Pobra do Caramiñal.

b) Segunda parte da proba. As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento dun ou de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

O profesor ou profesora do módulo profesional cualificará esta segunda parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte. Finalizada esta segunda parte da proba, as comisións de avaliación exporán as puntuacións obtidas no taboleiro de anuncios do IES da Pobra do Caramiñal.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional ás persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E RECLAMACIÓN:

A avaliación da proba libre realizarase nos termos previstos no artigo 37 da Orde do 12 de xullo de 2011 e a expresión da cualificación final obtida por cada aspirante no presente módulo profesional será numérica, entre un e dez, sen decimais.

A cualificación final correspondente da proba do módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

As persoas aspirantes poderán presentar reclamación contra as cualificacións finais alcanzadas do módulo no IES da Pobra do Caramiñal, consonte o procedemento establecido no artigo 45.2 da citada Orde do 12 de xullo de 2011. As referidas reclamacións deberán basearse nalgún dos seguintes aspectos:

- a) A avaliación que se levou a cabo non foi adecuada aos resultados de aprendizaxe e aos criterios de avaliación recollidos na correspondente programación.
- b) Os instrumentos de avaliación aplicados foron inadecuados, conforme ao sinalado na programación.
- c) A aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación para a superación das partes da proba do módulo profesional non foi correcta.

4. Características da proba e instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento

4.1. Primeira parte da proba

Consistirá nunha proba escrita de preguntas tipo test de resposta única, e/ou preguntas de verdadeiro/falso, e/ou preguntas curtas, e/ou preguntas a desenvolver e/ou imaxes, na que se desenvolverán todos aqueles CA (criterios de avaliación) sinalados anteriormente (apartado 2.1.2.). Esta proba ten carácter eliminatorio.

As pautas para a realización de dita proba son as seguintes:

- As preguntas mal respostadas puntuarán negativo, cunha proporción 2:1, é dicir, cada pregunta mal respostada, restará a metade do valor dunha pregunta correctamente respostada.
- As preguntas non respostadas non puntuarán, nin positiva nin negativamente.
- Para a superación de esta proba deberá obterse unha cualificación de cinco puntos ou máis.
- A duración da proba teórica será de 2 horas.
- Unicamente serán correxidas as respostas recollidas na planilla de respostas proporcionada polo profesor ou profesora, as cales deben ser perfectamente lexibles. No caso contrario ou dobre resposta, contarán como negativa.
- Para a realización da proba será necesario o uso de bolígrafo azul non borrable. Non está permitido o uso de



correctores tipo "Typex". Permitirase o uso de calculadoras que non sexan programables, nin gráficas, nin con capacidade de almacenar ou distribuir datos. Non obstante, todos os procesos conducentes á obtención de resultados deben estar suficientemente xustificadas.

- Non se permitirá o acceso á sala do exame con móbiles ou outros dispositivos electrónicos, como reloxs intelixentes.
- Será necesaria a identificación mediante DNI ou pasaporte, que deberá estar a disposición do profesorado, enriba da mesa.
- Ao finalizar a proba, deixarase a plantilla de respostas volteada enriba da mesa, xunto coas preguntas do exame.
- Non estará permitido sacar da aula onde se realiza a proba ningún documento.

4.2. Segunda parte da proba

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento dun ou varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos CA (criterios de avaliación) sinalados anteriormente (apartado 2.2.2.) desta programación.

Para a superación de esta proba o alumnado deberá acadar unha puntuación mínima de cinco puntos.

A duración da proba práctica será de 2 horas. Para a realización da proba será necesario o uso de bolígrafo azul non borrrable. Non está permitido o uso de correctores tipo "Typex". Permitirase o uso de calculadoras que non sexan programables, nin gráficas, nin con capacidade de almacenar ou distribuir datos. Non obstante, todos os procesos conducentes á obtención de resultados deben estar suficientemente xustificadas.

Non se permitirá o acceso á sala do exame con móbiles ou outros dispositivos electrónicos, como reloxs intelixentes.

Será necesaria a identificación mediante DNI ou pasaporte, que deberá estar a disposición do profesorado.